

Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BAIONA

Persoal, oposicións

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL

ANUNCIO

Resolución de Alcaldía núm. 2026-0569 do Concello de Baiona pola que aprobáronse as bases e a convocatoria para cubrir a praza de Técnico de Administración Xeral para este Concello, mediante sistema de oposición libre.

Despois de aprobar por Resolución de Alcaldía núm. 2026-0569 de data 10/03/2026, aprobáronse as bases e a convocatoria para cubrir a praza de Técnico de Administración Xeral para este Concello de Baiona, mediante sistema de oposición libre, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 20 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO A1) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE RESERVA PARA SUBSTITUCIÓN NO CONCELLO DE BAIONA.

1. Obxecto.

O obxecto destas bases específicas é ordenar o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dunha praza de técnico/a de administración xeral (subgrupo A1) da escala de Administración Xeral, incluída na Oferta Pública de Emprego (OPE) do ano 2025, aprobada. De conformidade co disposto no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, no artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, no artigo 20 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 prorrogados para o ano 2024, Lei 31/2022 de 23 de decembro, aprobase a oferta de emprego público correspondente a distintos corpos e escalas da Administración Xeral e Especial do Concello de Baiona para o ano 2025.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

2. Lexislación aplicable

Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local. Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público

3. Condicións da contratación:

- Nomeamento como Persoal Funcionario de Carreira.
- Xornada: a tempo completo cos descansos establecidos por lei.
- Salario: o establecido na plantilla de persoal funcionario vixente.
- Número de prazas: 1 praza.

TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL

GRUPO	PRAZA	ESCALA	SUBESCALA	CLASE	NATUREZAXURÍDICA	Nº	OBSERVACIÓNS
A1	TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL	AX	Técnica	Funcionario/a	FUNCIONARIODECARREIRA	1	Taxa de reposición

4. Funcións/tarefas a desenvolver:

De conformidade co establecido no artigo 169 do TRRL 781/198 a) Pertencerán á Subescala Técnica de Administración Xeral, os funcionarios que realicen tarefas de xestión, estudo e proposta de carácter administrativo de nivel superior, as funcións serán as sinaladas na Relación de Postos de Traballo do concello de Baiona aprobada por acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria de data 18.12.2024.

5. Sistema de selección

O sistema de selección será de oposición libre

6. Condicións dos/as aspirantes

Para poder participar neste proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutro Estado membro da Unión Europea, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público respecto aos estranxeiros.
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

- Titulación. Os aspirantes deberán estar en posesión ou condicións de obter o Título Universitario , de grao ou equivalente antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Os/as aspirantes con titulacións obtidas do estranxeiro deberán estar en posesión da correspondente credencial de homologación, ou no seu caso, do correspondente certificado de equivalencia. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que houberan obtido o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de Dereito Comunitario.
- A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.
- Posuir a capacidade funcional precisa para o desempeño das funcións que se deriven do posto a desempeñar.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público
- Ter aboado os dereitos de exame por importe de 18,00 euros, mediante ingreso na conta xeral do Concello número ES23 2080 5015 6131 1002 4243. Estarán exentos do pago da taxa aquelas persoas que estean inscritas como demandante de emprego no Servizo de Emprego Estatal, sempre que non estean cobrando ningún tipo de prestación, o que deberán acreditar co correspondente certificado.
- Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante o procedemento de selección, contratación e/ou permanencia na lista de reserva.

7. Publicidade da convocatoria

O texto íntegro das bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia, e na sede electrónica do Concello: <https://baiona.sedelectronica.gal>, sen prexuízo da publicación do anuncio da convocatoria na sede electrónica do Concello de Baiona e no Boletín Oficial do Estado (BOE) e no Diario Oficial de Galicia (DOG).

O prazo de presentación de solicitudes, a cal realizarase mediante instancia xeral dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente, será de 20 días hábiles, comezando dito prazo ao día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria faranse públicos na sede electrónica do Concello de Baiona e cando proceda, segundo a normativa vixente, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

As bases estarán a disposición dos/as interesados/as no Rexistro Xeral do Concello de Baiona, así como na páxina web www.baiona.gal e na sede electrónica baiona.sedelectronica.gal.

8. Presentación das solicitudes.

8.1 As persoas que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha instancia (anexo II) dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Baiona. A instancia contará, ao menos, cos datos persoais do solicitante, co seu enderezo e nela o aspirante declarará que reúne todos os requisitos necesarios para participar neste proceso selectivo. Os impresos de solicitude, poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Baiona ou pola sede electrónica do mesmo (baiona.sedelectronica.gal). Tamén o poden presentar nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de 20 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Aquelas solicitudes que sexan remitidas por correo ou entregadas en rexistros doutras administracións públicas (dentro do prazo de presentación de solicitudes) deberá remitirse por correo electrónico (persoal@baiona.gal) copia da solicitude co selo da data de presentación.

As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello (www.baiona.gal)

Coa instancia, o aspirante achegará a seguinte documentación:

- Copia do documento nacional de identidade (DNI) ou tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes, no caso de estranxeiros.
- Titulación académica ou profesional esixida na base 6.
- No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego, as persoas interesadas deberán achegar o Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.
- Certificado médico oficial no que se acredite que o interesado non padece defecto físico ou psíquico que lle supoña limitación no desenvolvemento das tarefas a desenvolver.
- Declaración de posuir capacidade funcional para o desenvolvemento de tarefas (Declaración Responsable. Anexo III)

No Rexistro Xeral do Concello facilitaráselles aos interesados un modelo de solicitude que será de utilización voluntaria.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, ésta deberá acreditarse mediante achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de Técnico de Administración Xeral. Asemade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que considere oportunos para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

9. Sistema de admisión de aspirantes.

Unha vez rematado o prazo de 20 días hábiles fixado para a presentación de instancias a Alcaldía ditará Resolución, no prazo máximo dun mes, contendo:

- a) A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos con expresión dos motivos da exclusión.
- b) A designación do tribunal cualificador
- c) Lugar e data da realización da primeira proba.

Na devandita resolución, que se publicará en o Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello <http://baiona.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, indicaranse os lugares en que se atopan expostas ao público as listas certificadas completas de aspirantes admitidos e excluídos, sinalándose un prazo de dez días hábiles para que poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

Conforme á disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, cando sexa necesaria a publicación dun acto administrativo que contivese datos persoais do afectado, identificarase ao mesmo mediante o seu nome e apelidos, engadindo catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente. Cando a publicación se refira a unha pluralidade de afectados estas cifras deberán alternarse.

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas e resoltas as mesmas, a Autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante resolución que se publicará igualmente no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello <http://baiona.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión.

Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos e farase constar o día, hora e lugar en que deberán realizarse todas as probas o día, hora e lugar en que deberá realizarse o primeiro exercicio de selección. O chamamento para posteriores exercicios farase mediante a publicación na sede electrónica deste Concello <http://baiona.sedelectronica.gal>] e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión; neste suposto, os anuncios da celebración das sucesivas probas deberán facerse públicos polo órgano de selección nos locais onde se celebrou a proba anterior e na sede electrónica deste Concello [<http://baiona.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión], con doce horas, polo menos, de antelación ao comezo deste, se se trata do mesmo exercicio, ou de vinte e catro horas, se se trata dun novo.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

10. Tribunal cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorresen á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas ue as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz que sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

11. Proceso selectivo

O proceso selectivo constará dunha única fase de oposición, serán catro exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio. De conformidade co disposto no artigo 16.j do Decreto 364/1995, dende o final dun exercicio ata o comezo do seguinte, deberá transcorrer un prazo mínimo de setenta e dúas horas (72) e máximo de 45 días naturais, agás que se acredite (e así deixe



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

constancia no expediente) o acordo unánime de todos os aspirantes que, ata ese momento, teñan superado os exercicios eliminatorios.

Unha vez comezados os procesos selectivos non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios da celebración das restantes probas no Boletín Oficial do Estado. No devandito suposto estes anuncios deberán facerse públicos polo órgano de selección nos locais onde se celebrou a proba anterior e na sede electrónica deste Concello <http://baiona.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, con doce horas, polo menos, de antelación ao comezo deste, se se trata do mesmo exercicio, ou de vinte e catro horas, se se trata dun novo

A orde de actuación das persoas aspirantes para realizaren os exercicios comezara por aqueles cuxo primeiro apelido comece polo letra que resulte do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia do ano en que se celebre o 1º exercicio da fase oposición do proceso selectivo, sendo para o ano 2026 a letra "F".

Primeiro exercicio: Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 120 minutos de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, con 4 alternativas, sendo só unha delas a correcta, en relación co contido total do temario anexo a esta convocatoria.

O exercicio será cualificado de 0 a 30 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 18 puntos para supéralo. As respostas correctas puntuarán 0,30 puntos, as incorrectas descontarán 0,10 puntos, e as preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación.

As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminadas.

Segundo exercicio: Consistirá en desenvolver por escrito dez preguntas cortas, dentro do temario correspondente ao Anexo I, parte específica, a determinar polo Tribunal inmediatamente antes de comezo do exercicio. O tempo máximo para a realización do exercicio será de dúas horas.

O Tribunal cualificará o exercicio avaliando, ademais dos coñecementos, a claridade, orde e capacidade de relación de ideas, a calidade de exposición escrita, a capacidade de síntese así como a achega persoal.

A lectura deste exercicio poderá ser acordada polo Tribunal para o que convocará aos aspirantes este efecto.

No caso de acordarse, a inasistencia dos aspirantes á lectura determinará a súa exclusión do procedemento.

O Tribunal poderá realizar preguntas ao aspirante sobre a materia obxecto do mesmo durante un prazo máximo de quince minutos.

A proba ou exercicio será cualificada de cero a vinte puntos, requirindo alcanzar a puntuación mínima de dez puntos para ser aprobado.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

Terceiro exercicio: Consistirá en resolver, nun tempo máximo de 120 minutos, un suposto práctico, proposto polo Tribunal, relativo aos contidos das materias comprendidas na parte específica do temario anexo. O enunciado do suposto será elaborado polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio. Para a realización deste exercicio as persoas aspirantes poderán facer uso dos textos legais, en soporte papel, non comentados. Os membros do tribunal poderán revisar esta documentación. Neste exercicio, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto do suposto. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polos aspirantes, a formulación de conclusións, coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente e pragmatismo na resolución dos supostos.

O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización deste exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non están expresamente establecidos nestas bases.

Este exercicio será cualificado cun máximo de 50 puntos, sendo necesario para supéralo obter un mínimo de 30 puntos. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminados.

Cuarto exercicio: proba de coñecemento da lingua galega. Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten dentro do prazo de presentación de solicitudes estar en posesión do Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro)

O exercicio consistirá na tradución directa ou inversa de un ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 60 minutos. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar a proba.

12. Cualificación final e publicación da relación de aprobados

A relación definitiva de aprobados elevarase á Autoridade competente, que a publicará en o Boletín Oficial da Provincia, en concordancia co disposto no artigo 22 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

No suposto de empate na cualificación final entre dous ou máis aspirantes, o mesmo será resolto acudindo á puntuación obtida no terceiro exercicio da fase de oposición e, de persistir o empate, este se resolverá por sorteo realizado en presenza dos interesados.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ou de prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

Non obstante, o tribunal, ao cualificar cada un dos exercicios, non terá en conta a limitación anterior, que só se considerará ó formularlle ó Alcalde a proposta coa relación de aprobados, na que só se incluírán aqueles opositores que obtivesen a maior puntuación total final, que nunca poderán superar o número de prazas convocadas en cada proceso selectivo.

13. Presentación de Documentación Complementaria

O/A aspirante proposto/a presentará no rexistro do Concello, no prazo de vinte días hábiles, de conformidade do artigo 23 do Decreto 364/1995, contados desde o seguinte á publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello a seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- Copia compulsada polo Concello de Baiona ou Notario da Tarxeta da Seguridade Social
- Certificado da conta bancaria na que a persoa seleccionada sexa titular.

Se o Concello considera que o certificado médico aportado non é suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o Concello correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasar a revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederáse a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

Os que tivesen a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Ministerio ou Organismo do que dependen acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoa

14. Nomeamento e toma de posesión

Xustificada a documentación sinalada en artigo anterior e, previa fiscalización preceptiva da Intervención Municipal, formalizarase o nomeamento entre o Sr. Alcalde do Concello e o/a aspirante seleccionado/a.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica algunha.

A resolución de nomeamento será adoptada pola Alcaldía a favor do aspirante proposto polo Tribunal, no termo dun mes a contar desde a expiración do prazo dos vinte días hábiles indicados anteriormente.

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

O nomeamento publicarase en o Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello <http://baiona.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión . Así mesmo, se porá en coñecemento do rexistro de persoal correspondente aos efectos que procedan.

A condición de funcionario de carreira adquirese polo cumprimento sucesivo dos seguintes requisitos:

- a) Superación do proceso selectivo.
- b) Nomeamento polo órgano ou autoridade competente, que será publicado no Diario Oficial correspondente.
- c) Acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía correspondente e do resto do Ordenamento Xurídico.
- d) Toma de posesión dentro do prazo que se estableza.

A efectos do disposto no apartado b) anterior, non poderán ser funcionarios e quedarán sen efecto as actuacións relativas a quen non acrediten, unha vez superado o proceso selectivo, que reúnen os requisitos e condicións esixidos na convocatoria (artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro).

15. Listaxe de reserva e vixencia

A listaxe se elaborará cos aspirantes que superaron , alo menos, o primeiro exercizo, establecéndose a orde de conformidade coa puntuación obtida de acordo coas seguintes regras:

1º.- Os aspirantes que superaron a totalidade do proceso selectivo de acordo coa súa orde de puntuación.

2º.-Os aspirantes que superaron os dous primeiro exercizos do proceso selectivo de acordo coa súa orde de puntuación.

3º.-Os aspirantes que superaron o primeiro exercizo do proceso selectivo de acordo coa súa orde de puntuación.,



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

Esta lista poderá ser utilizada como listaxe de reserva, e poderá utilizarse para as futuras contratacións que resulten necesarias a fin de cubrir vacantes temporais nas prazas municipais de técnico de administración xeral.

A vixencia da lista de reserva será ata o momento no que o Concello convoque outra que a substitúa. A caducidade da lista de reserva é a efectos de novos chamamentos, pero non afectará a quen estea prestando os seus servizos nese momento.

A lista de reserva que se crea con este proceso será confeccionada por orde de maior a menor puntuación, será sometida á aprobación da Alcaldía. A resolución da Alcaldía e as listas de reserva serán expostas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Baiona para coñecemento dos/as interesados/as e demais efectos legais. Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases reguladoras (tanto as resolucións do Alcalde, como os anuncios do tribunal cualificador), se procederá mediante a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Baiona.

16. Funcionamento da listaxe de reserva

Cando sexa necesario proceder aos correspondentes chamamentos ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar, polos medios de contacto que a persoa candidata consigne na súa instancia, teléfono móbil, fixo ou correo electrónico, do que se deixará constancia mediante unha dilixencia, dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado. Se non se recibe contestación no prazo indicado ou se rexeita a notificación equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Cando se produza o cesamento dun integrante da lista, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

17. Renuncias

Con carácter xeral, a non aceptación ou renuncia a unha cobertura dará lugar as seguintes medidas:

- Primeira renuncia: Seis meses de exclusión.
- Segunda renuncia: Exclusión definitiva da lista.

Non afectarán as renuncias ós supostos seguintes:

- Supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- Supostos de incapacidade temporal (IT);
- Supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

- Supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, no prazo de 5 días naturais a contar desde o chamamento, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

Por razóns de axilidade de funcionamento da bolsa, tras unha renuncia por causa xustificada, o aspirante deberá comunicar ó Concello a finalización da causa concorrente, non reiterándose entre tanto os chamamentos, por entender que a causa subsiste.

Debido a diversidade de tipoloxía das coberturas que prevé o artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, e para garantir que os aspirantes con maior puntuación poidan ter preferencia para elixir as respectivas coberturas, se establece a regra de que cando se proceda a un chamamento para unha cobertura interina de duración estimada superior a un mes, se chamará tamén as persoas integrantes da lista que xa se atopen prestando servizos no Concello, para que poidan escoller entre o posto desempeñado ou o ofrecido.

18. Recursos

Contra a Resolución de Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recursos contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presenta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibida notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

Sen prexuízo do anterior, as solicitudes de revisión de exame poderán ser presentadas no prazo máximo de 3 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación das cualificacións da proba. Tales solicitudes serán resoltas polo Tribunal de Selección no prazo máximo de un mes a contar desde a presentación da mesma.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

19. Protección de datos de carácter persoal

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle a aqueles aspirantes que presenten a súa solicitude para participar no presente procedemento de selección de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Baiona.

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal.

Os aspirantes terán dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento.

ANEXO I

PARTE XERAL

TEMA 1.- A Constitución Española. Estructura. Os principios constitucionais: o estado social e democrático de Dereito. Os valores superiores na Constitución Española. Título preliminar. Os dereitos e deberes fundamentais, as súas garantías e suspensión. As Cortes Xerais. A reforma constitucional.

TEMA 2.- O Goberno: composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. Órganos constitucionais de control: o Tribunal de Contas e o Valedor do Pobo. A función consultiva.

TEMA 3.- A Constitución Española. Os principios reitores da política social e económica. Economía e Facenda. O modelo económico na Constitución Española. A constitucionalización do principio de estabilidade orzamentaria.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

TEMA 4.- A organización territorial do Estado. Réxime de competencias: sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas: competencias exclusivas, compartidas, concorrentes, de desenvolvemento e de execución. O Estado das Autonomías. Os Estatutos de Autonomía. Relación entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

TEMA 5.- O Poder Xudicial: regulación constitucional da xustiza. Ordes xurisdicionais e órganos xudiciais. O Tribunal Constitucional. Recurso de inconstitucionalidade e cuestión de inconstitucionalidade. O recurso de amparo.

TEMA 6.- O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e procedemento de reforma. Título preliminar. O poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración de Xustiza en Galicia. As competencias de Galicia.

TEMA 7.- As fontes do ordenamento xurídico I. Teoría xeral e regulación no Código Civil. Articulación do sistema de fontes: principio de xerarquía e competencia. A lei e normas con rango de lei: concepto e clases; tipos, elaboración e aprobación. Os tratados internacionais e o dereito da Unión Europea. As relacións entre o ordenamento estatal e os ordenamentos autonómicos.

TEMA 8.- As fontes do ordenamento xurídico II. O regulamento: concepto e clases. A potestade regulamentaria. Procedementos de elaboración. Límites e control da potestade regulamentaria.

TEMA 9.- A Administración Pública e o Dereito. O principio de legalidade na Administración. As potestades administrativas. Potestade regradas e discrecionais: discrecionalidade e conceptos xurídicos indeterminados. Límites da discrecionalidade. Control xudicial da discrecionalidade. A desviación de poder.

TEMA 10.- A Unión Europea. O Consello europeo: o Consello, a comisión europea, o parlamento europeo, o tribunal de xustiza da Unión Europea: composición, competencias e funcionamento. O Congreso de Poderes Locais e Rexionais de Europa.

TEMA 11.- O dereito da Unión Europea. Fontes. As directivas e os regulamentos comunitarios. As decisións, recomendacións e ditámenes. O procedemento lexislativo da Unión Europea. Relacións entre o dereito da Unión Europea e os ordenamentos xurídicos internos. Dereito da Unión Europea e dereito español. Relacións coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

TEMA 12.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Título Preliminar: Disposicións xerais. A Administración Xeral do Estado. Organización e funcionamento do sector público institucional. Relacións interadministrativas.

TEMA 13.- A Administración local na Constitución e nos Estatutos de Autonomía. O principio de autonomía local. A Carta Europea da autonomía local. Regulación básica do Estado e normativa das Comunidades Autónomas en materia de réxime local. A incidencia da lexislación sectorial sobre o réxime local.

TEMA 14.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Disposicións xerais. A provincial. Outras entidades locais. A información e participación cidadá. A Federación Española de Municipios e Provincias.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

TEMA 15.- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Disposicións xerais. O municipio: Territorio. Competencias. Os réximes municipais especiais. Outras entidades locais: Áreas metropolitanas. Mancomunidades de municipios. Consorcios locais. Entidades locais menores. As agrupacións de municipios. A Federación Galega de Municipios e Provincias.

TEMA 16.- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos. Réxime sancionador. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia de actividade pública.

TEMA 17.- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Obxecto, ámbito de aplicación e definicións. Dereitos e obrigas. Servizos de prevención. Consulta e participación de traballadores.

TEMA 18.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas de igualdade. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade. As condicións de emprego en igualdade na Administración Pública galega.

PARTE ESPECÍFICA

TEMA 1.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións xerais. Os interesados no procedemento. A actividade das Administracións Públicas: normas xerais de actuación. Termos e prazos.

TEMA 2.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións sobre o procedemento administrativo común: concepto, elementos, clases forma, motivación. A eficacia: o principio de autotutela declarativa. Nulidade e anulabilidade.

TEMA 3.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento. Iniciación. Ordenación. Instrución.

TEMA 4.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións sobre o procedemento administrativo común: Finalización. Execución. A tramitación simplificado procedemento administrativo común.

TEMA 5.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A revisión de actos en vía administrativa: revisión de oficio. Recursos administrativos. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

TEMA 6.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Dos órganos das Administracións Públicas: órganos administrativos, competencias, órganos colexiados, abstención e recusación. Os convenios.

TEMA 7.- O funcionamento electrónico do Sector Público. Disposicións xerais. O procedemento administrativo por medios electrónicos: disposicións xerais, identificación e autenticación das Administracións Públicas e das persoas interesadas. Comunicacións e notificacións electrónicas. O expediente administrativo electrónico. O Esquema nacional de seguridade. Esquema nacional de interoperatividade.

TEMA 8.- A xurisdición contencioso-administrativa. A súa natureza, extensión e límites. Órganos da xurisdición e as súas competencias. As partes: lexitimación. O obxecto do recurso contencioso-administrativo. Causas de inadmisibilidade.

TEMA 9.- O procedemento en primeira ou única instancia. Medidas cautelares. A sentenza: recursos contra sentenzas. A execución da sentenza. Procedementos especiais.

TEMA 10.- A potestade sancionadora. Concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. As sancións administrativas: concepto, natureza e clases. O procedemento sancionador. A potestade sancionadora local.

TEMA 11.- A responsabilidade da Administración Pública: caracteres. Os orzamentos de responsabilidade. Danos resarcibles. A acción de responsabilidade. Especialidades do procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas. A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal no servizo das Administracións Públicas.

TEMA 12.- O exercicio da potestade normativa. Os principios da boa regulación. A planificación e a avaliación normativa. A participación da cidadanía. A memoria da análise do impacto normativo.

TEMA 13.- A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdicionais. A reversión expropiadora. Referencia ás singularidades procedimentais. O xurado de expropiación forzosa de Galicia.

TEMA 14.- As formas de actividade administrativa. O servizo público. Concepto. As formas de xestión dos servizos públicos. A remunicipalización dos servizos públicos. A iniciativa económica pública e os servizos públicos.

TEMA 15.- O patrimonio das Administracións Públicas. Os bens das entidades locais. Normativa aplicable. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Inventario de bens.

TEMA 16.- O dominio público: concepto e natureza. Clasificacións, en especial o demanio natural. Os elementos do dominio público: suxeitos, obxecto e destino. Afectación, desafectación mutacións demaniais. Réxime xurídico do dominio público: inalienabilidade, inembargabilidade, imprescriptibilidade. Utilización de bens de dominio público: réxime xeral das autorizacións e concesións demaniais. Referencia ao réxime sancionador.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

TEMA 17.- Bens e dereitos patrimoniais: aproveitamento e explotación. Principios da xestión patrimonial. Adquisición, arrendamento, alleamento e cesión de bens e dereitos patrimoniais.

TEMA 18.- Réxime de facultades e prerrogativas das entidades locais en relación cos seus bens: especial referencia á investigación, deslinde e desafuzamento administrativo. Dominios públicos especiais. Regulación relativa a augas, montes, minas, estradas e costas. Aplicación da Lei de Contratos do Sector Público. Delimitación dos tipos contractuais. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Contratos administrativos e contratos privados. Os contratos menores.

TEMA 19.- Os contratos do sector público: as directivas europeas en materia de contratación pública. Obxecto e ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público. Delimitación dos tipos contractuais. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Contratos administrativos e contratos privados. Os contratos menores.

TEMA 20.- Disposicións xerais sobre a contratación do sector público: racionalidade e consistencia, liberdade de pactos e contido mínimo do contrato, perfección e forma do contrato. Normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

TEMA 21.- Réxime de invalidez. Recurso especial en materia de contratación.

TEMA 22.- As partes nos contratos do sector público. Órganos de contratación. O perfil do contratante. Capacidade e solvencia do empresario. Sucesión na persoal do contratista. Competencia en materia de contratación nas entidades locais.

TEMA 23.- Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos das Administracións Públicas: expediente de contratación, pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

TEMA 24.- Adxudicación dos contratos das Administracións públicas: normas xerais e procedementos de adxudicación.

TEMA 25.- Efectos dos contratos. Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación.

TEMA 26.- O contrato de obras. Actuacións preparatorias do contrato de obras. Execución do contrato de obras. Modificación do contrato. Cumprimento e resolución.

TEMA 27.- O contrato de concesión de obras. Actuacións preparatorias do contrato de concesión de obras. Efectos, cumprimento e extinción das concesións. Construción das obras obxecto de concesión, Dereitos e obrigacións do concesionario e prerrogativas da Administración concedente. Extinción das concesións.

TEMA 28.- O contrato de concesión de servizos. Actuacións preparatorias do contrato de concesión de servizos. Efectos, cumprimento e extinción do contrato de concesión de servizos. Execución e modificación do contrato. Cumprimento e resolución.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

TEMA 29.- O contrato de subministro. Execución do contrato de subministro. Cumprimento e resolución. Regulación de determinados contratos de subministro.

TEMA 30.- O Contrato de servizos. Execución dos contratos de servizos. Resolución. Especialidades do contrato de elaboración de proxectos de obras.

TEMA 31.- Fontes do ordenamento xurídico local. Regulación básica do Estado e normativa das Comunidades Autónomas en materia de réxime local. A potestade normativa das Entidades Locais: regulamentos e ordenanzas. Procedemento de elaboración e aprobación. O regulamento orgánico. Os Bandos.

TEMA 32.- O municipio: concepto e elementos. Territorio. Alteración de termos municipais na lexislación básica e autonómica. Poboación: padrón, dereitos e deberes dos veciños.

TEMA 33.- A organización municipal. Réxime ordinario: Órganos necesarios: alcalde, tenentes de alcalde, pleno e xunta de goberno local. Órganos complementarios.

TEMA 34.- Réxime de organización dos municipios de gran poboación. Ámbito de aplicación. Organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios. Xestión económico-financiera.

TEMA 35.- As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias.

TEMA 36.- A sostibilidade financeira da facenda local como orzamento do exercicio das competencias.

TEMA 37.- Relacións entre a Administración estatal, autonómica e local: técnicas de colaboración, cooperación e coordinación na normativa estatal e galega.

TEMA 38.- A transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia nas entidades locais e da encomenda de xestión.

TEMA 39.- Os convenios sobre exercicio de competencias e servizos municipais. Os servizos mínimos

TEMA 40.- O sistema electoral local. Causas de inelixibilidade e incompatibilidade. Elección dos concelleiros e alcaldes. Constitución, vixencia e finalización do mandato corporativo. A censura e a cuestión no ámbito local. O recurso contencioso-electoral.

TEMA 41.- Réxime de sesións dos órganos de goberno local: celebración de sesións, debates e votacións. Control e fiscalización do Pleno. As actas. O Concello aberto. Réxime de delegacións.

TEMA 42.- Estatuto dos membros das Corporacións Locais: adquisición, suspensión e perda da condición do membro da corporación. Dereitos e deberes. Grupos políticos. Rexistro de intereses. O estatuto do veciño: Dereitos e deberes, información e participación cidadá.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

TEMA 43.- Singularidades dos procedementos administrativos das entidades locais. Impugnación dos actos e acordos locais e exercicio de accións. Recursos administrativos e xurisdicionais contra os actos locais. Certificacións, comunicacións, notificacións e publicacións dos acordos. O rexistro de documentos.

TEMA 44.- Orzamento xeral das entidades locais: concepto e contido, elaboración e aprobación. Especial referencia ás bases de execución do orzamento. A prórroga do orzamento.

TEMA 45.- A estrutura orzamentaria. O crédito orzamentario. Modificación de créditos: clases e tramitación.

TEMA 46.- A execución do orzamento de gastos e ingresos. Clases de pagamentos: en firme, a xustificar e anticipos de caixa fixa. Gastos plurianuais. Os proxectos de gasto. Gastos con financiamento afectada. Réxime xurídico das facturas: requisitos e presentación no rexistro.

TEMA 47.- A liquidación do orzamento: contido e tramitación. Os remanentes de crédito. O resultado orzamentario. A consolidación orzamentaria.

TEMA 48.- A estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Principios xerais. Obxectivos da estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de regra do gasto para as corporacións locais. Os plans económico-financeiros. Plans de axuste e de saneamento financeiro.

TEMA 49.- A contabilidade nas entidades locais: principios, competencias e fins da contabilidade. As instrucións de contabilidade. Documentos contables e libros de contabilidade. A Conta Xeral: contido e tramitación.

TEMA 50.- O control interno da actividade económico-financeira das entidades locais. A función interventora. O control externo da actividade económico-financeira do sector público. A fiscalización do Tribunal de Contas. A xurisdición contable: procedementos.

TEMA 51.- A tesourería das entidades locais: Réxime xurídico, funcións e organización. O principio de unidade de caixa. A realización de pagos. O cumprimento dos prazos de pago: o período medio de pago. O plan de tesourería e o plan de disposición de fondos.

TEMA 52.- Actividade subvencional das entidades locais: normativa autonómica e estatal. Disposicións comúns ás subvencións. Concesións, órganos competentes, beneficiarios e procedementos de concesión.

TEMA 53.- Actividade subvencional das entidades locais. Normativa autonómica e estatal: xustificación e control financeiro. Reintegro. Infraccións e sancións.

TEMA 54.- Réxime xurídico do ordenamento tributario. Principios e normas tributarias xerais do ordenamento tributario español. Os tributos na Lei xeral tributaria: disposicións xerais. Obrigados tributarios. Os tributos locais: principios.

TEMA 55.- Os recursos das facendas locais. A facenda local na Constitución. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: as ordenanzas fiscais, contido, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación dos tributos.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

TEMA 56.- A xestión, liquidación e recadación dos recursos das facendas locais. Os ingresos indebidos. A xestión da recadación en período voluntario e executivo. A revisión dos actos de xestión tributaria.

TEMA 57.- Os recursos das facendas locais: taxas, prezos públicos, contribucións especiais. A participación nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas. As operacións de crédito.

TEMA 58.- O imposto sobre bens inmoables. O imposto sobre actividades económicas.

TEMA 59.- O imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O imposto sobre construcións, instalacións e obras. O imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

TEMA 60.- Instrumentos de ordenación territorial. As relacións entre o urbanismo e a ordenación do territorio. A Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia. As directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral. A Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: obxectivos.

TEMA 61.- Lexislación estatal do solo: disposicións xerais. Bases do réxime do solo. As situacións básicas do solo e as clasificacións urbanísticas. O Real Decreto legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana.

TEMA 62.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: obxectivos e principios xerais. Clases e categorías de solo. Aspectos da función urbanística.

TEMA 63.- O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Réxime urbanístico da propiedade do solo: principios xerais. Clasificación. Solo rústico, solo urbano, solo urbanizable e solo de núcleo rural: réxime xurídico.

TEMA 64.- O planeamento urbanístico na normativa urbanística galega. Os instrumentos de ordenación urbanística. Disposicións xerais sobre o planeamento, sostibilidade e calidade. O plan xeral de ordenación municipal. O plan básico autonómico. Os plans básicos municipais. O planeamento de desenvolvemento. O planeamento especial. Os catálogos.

TEMA 65.- O planeamento urbanístico na normativa urbanística galega. Elaboración e aprobación de plans. Efectos da aprobación. Iniciativa e colaboración dos particulares. Publicidade, vixencia e efectos. Modificación e revisión de plans. Usos e obras provisionais. Normas de aplicación directa na normativa urbanística galega.

TEMA 66.- Execución do planeamento. Orzamentos da execución. O principio de equidistribución e as súas técnicas. Sistemas de actuación: elección do sistema. O proxecto de urbanización. Supostos indemnizatorios. Peculiaridades das expropiacións urbanísticas.

TEMA 67.- A intervención na edificación e uso do solo: Licencias urbanísticas e comunicacións previas. Actos suxeitos e exentos e o seu réxime xurídico. As ordes de execución. Deberes de conservación e réxime de declaración de ruína. A Lei 1/2019. Do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

TEMA 68.- Os dereitos constitucionais dos empregados públicos. Políticas de igualdade e contra a violencia de xénero nas Administracións Públicas. Políticas dirixidas á atención a persoas con discapacidade e/ou dependentes.

TEMA 69.- Os empregados públicos: Clases e réxime xurídico. Os instrumentos de organización do persoal: persoais e relacións de postos de traballo. Os instrumentos reguladores dos recursos humanos: a oferta de emprego, os plans de emprego e outros sistemas de racionalización.

TEMA 70.- O acceso aos empregos públicos: principios reguladores. Requisitos. Sistemas selectivos. A extinción da condición de empregado público. O réxime de provisión de postos de traballo: sistemas de provisión. O contrato de traballo. As situacións administrativas dos funcionarios locais.

TEMA 71.- A relación estatutaria. Os dereitos dos funcionarios públicos. Dereitos individuais. Especial referencia á carreira administrativa e ás retribucións. O réxime de Seguridade Social. Dereitos de exercicio colectivo. Sindicación e representación. O dereito de folga. A negociación colectiva.

TEMA 72. Os deberes dos funcionarios públicos. O réxime disciplinario. O réxime de responsabilidade civil, penal e patrimonial. O réxime de incompatibilidades.

TEMA 73.- Especialidades do persoal da administración local . O acceso ó emprego público . Principios reguladores. Requisitos. Sistemas selectivos. A extinción da condición de empregado público. O réxime de provisión de postos de traballo: sistemas de provisión.

TEMA 74.- Especialidades do persoal da administración local. Os dereitos dos empregados públicos. Dereitos individuais. Especial referencia á carreira administrativa e ás retribucións. Os deberes dos funcionarios públicos. O réxime disciplinario. O réxime de responsabilidade civil, penal e patrimonial. O réxime de incompatibilidades

TEMA 75.- O Dereito do Traballo. Natureza e caracteres. As fontes do ordenamento laboral: principios constitucionais, normativa internacional e lexislación estatal.

TEMA 76.- Os Convenios Colectivos de Traballo: concepto, eficacia, natureza xurídica, unidades de negociación. Concorrenza, contido, vixencia e lexitimación. Comisión negociadora.

TEMA 77.- O contrato de traballo: partes. Capacidade para contratar. Contido. As prestacións do traballador e do empresario.

TEMA 78.- Modalidades do contrato de traballo: de duración determinada, formativo, a tempo parcial, de substitución, para traballos fixos de carácter discontinuo e outras modalidades. Medidas de fomento do emprego no réxime xeral e no réxime especial.

TEMA 79.- Modificación da relación laboral, suspensión e extinción da relación laboral por vontade unilateral do empresario, por vontade unilateral do traballador, por vontade concorrente de ambas as partes e por desaparición e incapacidade das partes.



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

TEMA 80.- Dereitos e Deberes laborais. O salario: concepto e natureza xurídica. Clases de salarios. A xornada de traballo.

TEMA 81.-Liberdade sindical. A participación do persoal na empresa. Comités de empresa e delegados de persoal. As asembleas de traballadores.

TEMA 82.-Os conflitos colectivos: clases de conflitos colectivos, procedementos e sistemas de solución de conflitos colectivos. O dereito de folga. O peche patronal.

TEMA 83.- A xurisdición laboral. Organización e competencias. O proceso laboral: actos preparatorios e dilixencias preliminares, anticipación e aseguramento da proba, medidas cautelares, demanda, conciliación e xuízo, probas e sentenza.

TEMA 84.- A Seguridade Social. Entidades Xestoras e Servizos comúns. Réxime xeral e réximes especiais. Acción protectora do réxime xeral.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, faranse públicos na sede electrónica do Concello de Baiona e, cando proceda, segundo a normativa vixente, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

En Baiona, na data que figura na sinatura dixital á marxe deste documento.

O Alcalde- Pte. Jesús Vázquez Almuiña



Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

ANEXO II**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO:
SELECCIÓN DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

Denominación da praza ou posto de traballo

TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Carácter da convocatoria:

Forma de provisión:

Persoal Funcionario de carreira	Oposición Libre
---------------------------------	-----------------

Datos do solicitante:

Apelidos e nome:	DNI:
Enderezo electrónico/e-mail:	Teléfono:
Enderezo:	

Estou en posesión de Licenciado Universitario, ou Grao.

Manifesto expresamente, e baixa a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixibles nas bases reguladores deste proceso que coñezo e acepto, e SOLICITO: a admisión para tomar parte na selección.

Baiona, a

de

de 2026

(Sinatura)

ILMO. Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BAIONA

Venres, 20 de marzo de 2026

Núm. 54

ANEXO III**DECLARACIÓN XURADA:****PROCESO SELECTIVO: TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL**D./D^a. _____

con NIF _____ e domicilio en

-

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que aos efectos de participar no proceso selectivo de Técnico/a de Administración Xeral, convocado polo Concello de Baiona, non fun condenado/a por delito doloso, nin estou inhabilitado/a para o exercizo das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial.

E, para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente.

Baiona, a _____ de _____ de 2026

(sinatura)

ILMO. Sr. Alcalde-Presidente do CONCELLO DE BAIONA